

CONVENIO DE COOPERACIÓN EDUCATIVA ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA REALIZAR PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS CURRICULARES NON REMUNERADAS POR PARTE DO ESTUDANTADO DO GRAO EN BIOLOXÍA OU CIENCIAS DO MAR

REUNIDOS

Dunha parte, D^a. Marta Villaverde Acuña, en calidade de Directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, nomeada por Decreto 123/2024, do 29 de abril, publicado no Diario Oficial de Galicia nº 85, do 30 de abril de 2024, en virtude das facultades conferidas polo artigo 8 da Orde do 21 de febreiro de 2022 sobre delegación de competencias en diversos órganos da dirección da Consellería do Mar e na Presidencia da entidade pública empresarial Portos de Galicia.

Doutra, don Manuel Joaquín Reigosa Roger, reitor da Universidade de Vigo, nomeado segundo o Decreto da comunidade autónoma de Galicia 110/2022, do 9 de xuño, publicado no Diario Oficial de Galicia (DOG) núm. 117, do 20 de xuño, de acordo coas competencias que lle outorga o artigo 50 da Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario e o artigo 29 dos Estatutos da Universidade de Vigo, aprobados polo Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, e publicados no DOG núm. 38, do 22 de febreiro.

Ambas as partes teñen plena capacidade para cumprir o presente convenio de cooperación educativa

EXPOÑEN

Primeiro. Que a Universidade de Vigo é unha institución de dereito público que ten como finalidade a prestación do servizo público da educación superior mediante a docencia, o estudo e a investigación en áreas de interese xeral. Correspóndelle á Universidade de Vigo, no marco das súas competencias, a prestación do servizo público da educación superior mediante a investigación, a docencia, o estudo, a transferencia do coñecemento á sociedade e a extensión universitaria.

Segundo. O Real decreto 592/2014, do 11 de xullo, que regula as prácticas académicas externas de estudantes universitarios establece no seu art. 8.1.a, a posibilidade de que o alumnado matriculado en ensinanzas impartidas pola universidade realicen prácticas académicas externas.

Terceiro. O Real decreto 1791/2010, do 30 de decembro, polo que se aproba o “Estatuto do Estudiante Universitario”, establece no seu art. 8.f) o dereito do alumnado á realización de prácticas curriculares ou extracurriculares, que poderán realizarse en entidades externas.

Cuarto. As prácticas na Universidade, ademais de pola normativa estatal, deben axustarse ao establecido no Regulamento de prácticas académicas externas do estudantado da Universidade de Vigo, aprobado en Consello de Goberno do 29 de abril de 2021 e modificado en Consello de Goberno do 22 de novembro de 2023.

Quinto. A adecuación dos programas educativos ás necesidades do mundo laboral constitúe unha das preocupacións da Universidade de Vigo, de aí que sexa un dos seus obxectivos complementar



a formación teórica mediante as prácticas en entidades que lle permita ao alumnado coñecer a realidade laboral.

Sexto. Que o Centro de Investigacións Mariñas, dependente da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar, exerce as funcións relativas á actividade investigadora, e particularmente as referidas ás áreas de procesos oceanográficos costeiros, recursos mariños, acuicultura e patoloxía, segundo o disposto no Decreto 50/2021, do 11 de marzo, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar (DOG nº 58 do 26 de marzo).

Sétimo. Todas as partes consideran necesario un maior achegamento entre o ámbito laboral e a universidade, para facilitar a futura inserción laboral do alumnado universitario egresado mediante a alternancia da súa formación teórica con prácticas externas, acadando ao mesmo tempo a mellor cualificación e inserción no ámbito laboral.

En consecuencia, acordan formalizar o presente convenio de cooperación coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

O obxecto deste convenio é regular as prácticas académicas externas do alumnado da Universidade de Vigo no Centro de Investigacións Mariñas da Consellería do Mar co fin de facilitar a preparación para o exercicio profesional do estudantado en áreas operativas relacionadas coa súa formación universitaria e as posibles saídas profesionais desde os estudos cursados na Universidade de Vigo. Así, promoverase o futuro desenvolvemento profesional e o acceso ao mercado laboral das futuras persoas tituladas universitarias.

Segunda. Acollemento do estudantado

Mentres este convenio estea vixente, está en disposición de acoller estudantes da Universidade de Vigo para realizar prácticas académicas externas, sen que exista ningunha obriga ao respecto. As condicións de cada praza de prácticas recolleranse nun anexo ao presente convenio, no que figurarán polo menos os datos do/a estudante, a duración, a modalidade e o lugar onde se realizan as prácticas, así como o proxecto formativo obxecto da práctica. De fixarse outras formas de colaboración, especificaranse no anexo correspondente que, por parte da Universidade de Vigo, asinará a persoa responsable de prácticas do centro universitario, da titulación de mestrado ou o titor/a académico.

Terceira. Relación entre o estudantado e a institución

Dado o carácter formativo das prácticas académicas externas, da súa realización por parte do alumnado no Centro de Investigacións Mariñas da Consellería do Mar, non se derivarán en ningún caso obrigas propias dunha relación laboral nin o seu contido poderá dar lugar á substitución da prestación laboral propia de postos de traballo. Pola súa parte, o estudantado comprometerase a gardar o segredo profesional no referido aos traballos obxecto das prácticas e non poderá, en ningún caso, asinar informes, ditames ou similares.



Cuarta. Tutorización

A Universidade de Vigo, a través dos seus centros docentes ou as propias comisións de mestrados, designará un titor/a académico para cada estudante en prácticas. Pola súa parte, a presenza do alumnado no Centro de Investigacións Mariñas da Consellería do Mar estará condicionada ao feito de contar cunha persoa da dotación de personal con experiencia profesional e cos coñecementos necesarios que se preste a realizar unha tutela efectiva do alumnado durante a súa estancia no devandito centro. As persoas que titoricen o/a estudante na entidade colaboradora externa serán quen de comunicar e de facer o seguimento de calquera incidencia que ocorra durante as prácticas. A Universidade de Vigo, a través dos seus centros docentes ou as propias comisións de mestrados, outorgaranlle a esa persoa designada pola entidade a certificación na que se recoñeza a tarefa realizada.

Quinta. Duración

As prácticas curriculares terán como duración máxima a correspondente de acordo coa súa cuantificación en créditos na memoria de verificación do título. Agás as prácticas profesionalizantes, a duración total de prácticas nunha mesma entidade colaboradora, non poderá exceder os 30 créditos ECTS ao longo da titulación, sexa ou non de forma interrompida, e cuantificaranse para estes efectos 25 horas/crédito (750 horas).

Sexta. Inclusión no réxime xeral da Seguridade Social

A inclusión no réxime xeral da Seguridade Social do estudiantado que realice prácticas académicas externas rexerase polo establecido na disposición adicional quincuaxésima segunda do Real Decreto Legislativo 8/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social e polo desenvolvemento normativo establecido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social (TXSS).

En relación coas obrigas recollidas ao abeiro da devandita disposición adicional, o estudiantado que realice prácticas académicas externas incluídas en programas de formación quedan asimilados a traballadores/as por conta allea no réxime xeral.

Coa sinatura deste convenio poderanse formalizar prácticas curriculares non remuneradas cuxa responsabilidade do cumprimento das obrigas en materia de Seguridade Social corresponderá á Universidade de Vigo.

Sétima. Cobertura de seguros

Calquera eventualidade de enfermidade, accidente ou de responsabilidade civil que se puidese producir no tempo de realización das prácticas estará cuberta, segundo o caso, polo seguro escolar ou polo seguro de accidentes ou de responsabilidade civil contratados para este fin pola Universidade de Vigo.

Oitava. Protección de datos

As partes manifestan coñecer e cumprir a lexislación europea en materia de protección de datos de carácter persoal, á que se someten de forma expresa, e comprométese a usar correctamente os datos de tal natureza que obteñan como consecuencia do desenvolvemento do presente convenio, no marco do disposto polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril.



Con respecto aos datos de carácter persoal, as partes comprométense a:

- a) Tratalos coa finalidade exclusiva de realizar o servizo.
- b) Que non sexan obxecto de ningún tratamento distinto aos previstos neste convenio.
- c) Que non se cedan a terceiros, agás nos casos en que exista unha obriga legal.

As persoas interesadas poderán exercer, no seu caso, os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición, limitación e portabilidade nos termos legais previstos, mediante a comunicación ao domicilio social da respectiva entidade.

A entidade colaboradora adoptará as medidas adecuadas para limitar o acceso do seu persoal empregado aos datos persoais durante a vixencia deste convenio.

Os datos de carácter persoal deberán ser destruídos ou devoltos, a criterio da Universidade de Vigo, unha vez finalizada a vixencia do convenio e no momento en que, en cumprimento das condicións pactadas ou legalmente previstas, remate a relación entre ambas as partes, sen prexuízo das excepcións que a normativa ou as decisións xudiciais puidesen establecer con respecto ao mantemento temporal mínimo de certos datos que pola súa natureza así se requira. O mesmo destino haberá de dársele a calquera soporte ou documento no que conste algún dato de carácter persoal obxecto de tratamento.

Novena. Comisión de Seguimento e resolución de conflitos

Créase unha comisión paritaria de seguimento do presente convenio integrada por un/unha representante da Universidade de Vigo e un/unha representante Centro de Investigacións Mariñas da Consellería do Mar. Esta comisión resolverá os problemas que suscite este convenio na súa execución e garantirá o desenvolvemento normal dos compromisos asumidos.

As cuestións litixiosas que xurdan con respecto á interpretación, modificación, resolución e efectos do presente convenio serán resoltas, en primeira instancia, pola comisión mixta paritaria. Os conflitos que poidan xurdir polas partes, e que non se poidan resolver na comisión mixta, someteranse á resolución da xurisdición contencioso- administrativa, dado o carácter administrativo do convenio.

Décima. Normativa de aplicación supletoria

Ao presente convenio seralle aplicable subsidiariamente a seguinte normativa:

- I. Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (artigos 47 e seguintes).
- II. Real Decreto 822/2021, de 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade.
- III. Normativa de prácticas académicas externas da universidade asinante.
- IV. Normativa do plan de estudos de titulación.
- V. Real Decreto 592/2014, de 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas dos estudantes universitarios.

Este convenio queda excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos so Sector Público (artigo 6).

Décimo primeira. Financiamento

Este convenio non supón ningún gasto para a Consellería do Mar, polo que non se precisa consignación orzamentaria.



Décimo segunda. Vixencia

Este convenio estará vixente desde a data de sinatura e terá unha duración de catro anos. Non obstante, antes de rematar o prazo previsto, se as circunstancias o fan aconsellable, as partes por unanimidade poderán acordar a súa prórroga polo período estritamente necesario e sempre dentro do límite máximo de ata catro anos adicional establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Décimo terceira. Causas de resolución

Son causas de resolución:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a súa prórroga.
- b) O transcurso do prazo máximo da súa vixencia incluído o período de prórroga establecido nel.
- c) O acordo unánime das persoas asinantes.
- d) O incumprimento das obrigas e dos compromisos asumidos por parte dalgunha das persoas asinantes.
- e) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- f) Por calquera das causas recollidas na normativa da universidade sobre prácticas externas (o contido do convenio).

Se no momento da rescisión algún ou algunha estudante estivese realizando prácticas, continuará estas ata o remate establecido.

Décimo cuarta. Xurisdición aplicable.

As partes comprométense a resolver amigablemente as diferenzas que puideran xurdir a través da Comisión de Seguimento.

Non obstante, recoñécese a xurisdición contencioso-administrativa como competente na materia, dada a natureza pública das universidades.

Décimo quinta. Rexistro de convenios. Transparencia e bo goberno

A sinatura do presente convenio suporá o consentimento expreso do interesado á Administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Así mesmo, coa sinatura deste convenio as partes manifestan o seu consentimento para que os seus datos persoais que aparecen no mesmo e máis o resto das especificacións nel contidas poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

Coa sinatura deste convenio queda derogado calquera outro que coa mesma finalidade asinaran as partes.



E, como proba de conformidade, as partes comparecentes asinan o presente convenio na data da última sinatura electrónica.

POLA CONSELLERÍA DO MAR A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro Marta Villaverde Acuña	POLA UNIVERSIDADE DE VIGO Reitor de Vigo Manuel Joaquín Reigosa Roger
---	---



ANEXO I. CONDICIÓN S DA PRÁCTICA ACADÉMICA EXTERNA
Referencia (se procede):
ESTUDANTE

NOME E APELIDOS		NIF:
TELÉFONO:	ENDEREZO ELECTRÓNICO:	
CAMPUS	FACULTADE/ESCOLA:	
TITULACIÓN:		
REALIZOU PRÁCTICAS ANTERIORMENTE? (só relacionadas coa titulación sinalada)		Si No
En caso afirmativo:	Curricular	Extracurricular
	DATAS: Desde	Ata:
	Duración total (en horas):	
Indique tantas como sexa necesario PRÁCTICA	Si	No
	TIPO: Curricular	Extracurricular
	DATAS: Desde	Ata:
	Duración total (en horas):	
Indique tantas como sexa necesario PRÁCTICA	Si	No
	TIPO: Curricular	Extracurricular
	DATAS: Desde	Ata:
	Duración total (en horas):	

ENTIDADE COLABORADORA

NOME DA ENTIDADE:	PAÍS:
CIF :	DATA DO CONVENIO:

TITOR/A DA ENTIDADE
TITOR/A 1

NOME E APELIDOS:		NIF:
CARGO:		HORAS ASIGNADAS DE TITORÍA:
TELÉFONO:	ENDEREZO ELECTRÓNICO:	

TITOR/A 2

NOME E APELIDOS:		NIF:
CARGO:		HORAS ASIGNADAS DE TITORÍA:
TELÉFONO:	ENDEREZO ELECTRÓNICO:	

TITOR/A 3

NOME E APELIDOS:		NIF:
CARGO:		HORAS ASIGNADAS DE TITORÍA:
TELÉFONO:	ENDEREZO ELECTRÓNICO:	

TITOR/A ACADÉMICO
TITOR/A 1

NOME E APELIDOS:		NIF:
DEPARTAMENTO:		HORAS ASIGNADAS DE TITORÍA:
TELÉFONO:	ENDEREZO ELECTRÓNICO:	

TITOR/A 2

NOME E APELIDOS:		NIF:
DEPARTAMENTO:		HORAS ASIGNADAS DE TITORÍA:



TELÉFONO:	ENDEREZO ELECTRÓNICO:
-----------	-----------------------

CARACTERÍSTICAS DA PRACTICA

TIPO DE PRÁCTICA	Curricular	Extracurricular
MODALIDADE:	Presencial	Telemática
PERÍODO DE REALIZACIÓN:	do	ata
HORARIO:	REMUNERACIÓN:	Horas totais:
LUGAR DE REALIZACIÓN (só en caso de prácticas presenciais ou semipresenciais):	Localidade:	Provincia:
PAÍS:	ÁMBITO: Nacional	Internacional

PROXECTO FORMATIVO

Obxectivos e actividades específicas nas que o/a estudante colaborará ou apoiará no seu desenvolvemento:
--

A realización das prácticas esixe desprazarse fóra das instalacións da entidade colaboradora, desprazamentos coñecidos polo titor/a académico/a	Si	Non
---	----	-----

Xustifique a súa necesidade

--

A execución do programa formativo require que o/a estudante realice parte da súa actividade nas instalacións de entidades clientes da que o/a acolle	Si	Non
--	----	-----

Xustifique a súa necesidade

--

Lugar e data:

Nome, apelidos e sinaturas

TITOR/A ACADÉMICO/A 1	TITOR/A ACADÉMICO/A 2	ALUMNO/A
TITOR/A DA ENTIDADE 1	TITOR/A DA ENTIDADE 2	TITOR/A DA ENTIDADE 3

INSTRUCCIÓNS:

- No caso de **prácticas curriculares**: entréguelle este documento, debidamente asinado, ao/á titor/a académico/a ou ao/á coordinador/a de prácticas do centro
- No caso de **prácticas extracurriculares**: entregue este documento, debidamente asinado, na Fundación da Universidade de Vigo.

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DOS SEUS DATOS:

Responsable: Universidade de Vigo

Finalidade: xestionar e tramitar convenios de cooperación educativa e realizar prácticas externas, ofertas de emprego e bolsas de formación da Universidade de Vigo

Lexitimación: o tratamento dos datos de carácter persoal recollidos neste documento baséase nas competencias atribuídas pola Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de universidades e desenvolvementos polo Real Decreto 592/2014, do 1 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios.

Cesións: non se prevén cesións a terceiros

Dereitos: as persoas interesadas poderán exercer os seguintes dereitos: acceso, rectificación, supresión, limitación do tratamento, oposición e, no seu caso, portabilidade dos datos

Procedencia da información: a información recollida neste formulario procede da propia persoa interesada ou a súa representación legal.

Información adicional: <https://www.uvigo.gal/es/universidad/informacion-institucional/proteccion-datos>

